

¿COMO LER?



Edita:

Xunta de Galicia
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa

Ilustración:

Óscar Villán

Idea e textos:

Colectivo *Acatrotintas*: Mayte Leis, Cristina Novoa,
Magdalena de Rojas, Juana Vázquez

Impresión:

Tórculo Artes Gráficas, S.A.

D.L.: C 639-2007

Hai mil maneiras de ler e será cousa de escoller a que máis nos guste ou a que resulte máis axeitada:

- En alto ou en baixo.
- Con voz natural ou facendo teatro.
- Con música de fondo ou en silencio.
- Murmurando ou case a berros.
- Con lentes ou sen elas.
- Cos ollos ou cos dedos.
- Á luz do día ou con lanterna.
- Agochados ou á vista de todo o mundo.
- Sós ou en compañía.
- De pé, sentados, de lado, deitados e, mesmo, paseando.

O único que se precisa é un punto de apoio e algo para ler. Os maiores poden ser un **apoio** fundamental para que os pequenos vaian establecendo relacións gratificantes coa lectura. Sexa na casa ou na escola, o adulto que media entre os libros e os máis novos debe escoller as fórmulas nas que se sinta máis seguro e que lle vaian dando resultado, xa que

CONTA MOITO:

- Mostrándose como lector na vida cotiá.
- Narrando contos, recitando poemas, xogando ás adiviñas...
- Falando sobre as súas lecturas e os seus libros preferidos.
- Lendo con eles, lendo para eles, escoitándoos.



Saber atopar un **clima axeitado** para a lectura é algo que nenas e nenos van aprendendo coa axuda dos adultos. Aínda que ás veces se pode ler en ambientes ruidosos, esta actividade require concentración e esforzo. A tranquilidade, o acougo e un certo silencio axudan a entrar nas historias e a emocionarse con elas. Consolas, televisión ou ordenador poden quedar para outros momentos.

O **papel do adulto** que quere acompañar os nenos e as nenas no seu proceso como lectores sería o de ofrecer a lectura como unha forma divertida de vivir o tempo de lecer, proporcionando materiais de calidade que conecten cos intereses e cos gustos dos máis pequenos, actuando como modelo, compartindo as súas lecturas e estando atento ao ritmo e ás necesidades do novo lector. Máis que impoñer libros ou tempo para esta actividade, o adulto ha ser cómplice do neno na busca e no gozo da experiencia lectora. “Esquecer” un libro con portada atractiva enriba da mesa da sala pode ser un bo xeito de espertar a curiosidade, agochar ese libro tan desexado é unha forma tamén de incitar a súa lectura. Ler en parella, “un pouco ti, un pouco eu”, ler en voz alta, repartir os personaxes dun diálogo, estimular a súa participación en textos con retrouso, repeticións e fórmulas acumulativas, son boas prácticas de lectura compartida.

Para escoitar un conto ou unha lectura en voz alta non hai idade. Pero, para os máis pequenos, é a forma natural de poñelos en contacto coa cultura oral e escrita. Un narrador conta coa voz, o rostro, a mirada, os acenos e o movemento. Para contar cómpre coñecer ben a historia e transmitila de forma sinxela e sen afectación. A voz debe ser natural, clara e tranquila, aínda que se pode modular a expresión dos personaxes, pero sen forzar. No relato debe primar a acción, desenvolverase con fluidez e progresivamente para manter o interese e rematará cun final efectivo. Especialmente na narración de contos tradicionais, pódense recuperar as fórmulas para “entrar e saír” dos contos: “No tempo en que os animais falaban... eu, que estaba alí, vino, e andei ate aquí para contalo”.

Quen conta con entusiasmo e gozando coa historia, quen conta con agarimo, consegue transmitila de maneira eficaz.

A lectura en voz alta comparte moitos destes aspectos e resulta fundamental para o achegamento dos nenos e nenas ao texto escrito. **CONTAR** e **LER**, na escola e na familia, son actividades imprescindibles no proceso de adquisición e afirmación do hábito lector.

¿COMO LER?



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de
Ordenación e Innovación Educativa

Bibliotecas
escolares
de Galicia

